



Lely alcanza os 645 robots de muxido en Galicia e consolida o liderado da automatización nas explotacións de leite

Galicia continúa afianzándose como un dos territorios europeos con maior implantación de sistemas de muxido robotizado. A finais de xullo de 2026, a comunidade galega sumaba 645 robots de muxido Lely en funcionamento, unha cifra que reflicte a confianza das ganderías galegas na automatización como ferramenta para mellorar a eficiencia, o benestar animal e a calidade de vida dos produtores.

Do total de equipos Lely instalados, 300 corresponden á área de servizo de Lely Center Trazo, que atende as provincias da Coruña e Pontevedra, mentres que os 345 restantes pertencen a Lely Center Outeiro, responsable da atención ás explotacións da provincia de Lugo. Máis alá do dato numérico, esta cifra simboliza unha evolución constante do sector lácteo galego e unha aposta decidida pola innovación tecnolóxica.

CRECIMENTO SOSTIDO DA ROBOTIZACIÓN

O crecemento rexistrado durante os dous últimos anos foi especialmente significativo. En 2024 instaláronse 88 novos robots de muxido Lely en Galicia, unha cifra que xa reflectía o dinamismo do mercado e o interese crecente das explotacións por incorporar tecnoloxías de automatización. Con todo, o verdadeiro salto chegou en 2025, can-

do se puxeron en marcha 112 novos robots, establecendo un dos mellores rexistros de implantación da marca na comunidade.

Esta evolución demostra que a robotización do muxido deixou de ser unha tecnoloxía reservada para unhas poucas explotacións pioneiras para converterse nunha solución consolidada e cada vez máis estendida entre ganderías de diferentes tamaños. A necesidade de optimizar a xestión do tempo, mellorar as condicións de traballo e responder á dificultade para atopar man de obra especializada acelerou un proceso de modernización que continúa medrando ano tras ano.

REFORZO DA ESTRUCTURA DE SERVIZO EN GALICIA

Este incremento do parque de robots veu acompañado dun importante esforzo investidor por parte de Lely e o

Grupo Entrecanales para reforzar a súa estrutura de servizo en Galicia. A compañía apostou por ampliar a súa capacidade lóxística e técnica co obxectivo de ofrecer unha atención aínda máis próxima e áxil a un número cada vez maior de clientes.

Un dos proxectos máis destacados foi a adquisición das novas instalacións de Lely Center Trazo, en Santa Comba. O novo centro, con máis de 1.500 metros cadrados, supón un importante salto cualitativo tanto en capacidade operativa como en atención ao cliente. Estas instalacións permiten dispoñer de maiores espazos para almacenamento de recambios, preparación de equipos, formación e organización do servizo técnico, o que reforza a capacidade de resposta nas provincias da Coruña e Pontevedra.

De forma paralela, Lely Center Outeiro, en Outeiro de Rei, Lugo, tamén

levou a cabo unha ampliación das súas instalacións, coa incorporación de case 1.000 metros cadrados adicionais. Este crecemento responde, así mesmo, ao aumento do número de robots instalados na provincia e á necesidade de seguir ofrecendo un servizo técnico rápido e eficiente a un parque de máquinas que non deixa de aumentar.

Estes investimentos reflicten unha realidade que moitas veces pasa desapercibida cando se fala de automatización: detrás de cada robot instalado existe unha grande estrutura de profesionais, con máis de sesenta empregados para a comunidade galega, almacéns, loxística e asistencia técnica, que resulta fundamental para garantir o correcto funcionamento dos equipos durante todo o ano. A dispoñibilidade de pezas de recambio, a rapidez nas intervencións e a proximidade co gandeiro son aspectos clave nun sistema que traballa as vinte e catro horas do día, os sete días da semana.

Precisamente, a aposta por reforzar a presenza en Galicia responde ao convencemento de que o crecemento do número de robots debe ir acompañado dunha mellora continua do servizo. A ampliación de almacéns permite dispoñer dun maior stock de compoñentes e reducir os tempos de resposta, mentres que unhas instalacións máis amplas facilitan tamén a formación continua dos equipos técnicos, así como a organización de xornadas e actividades dirixidas aos propios gandeiros.

A CHEGADA DO ASTRONAUT A5 NEXT

A esta evolución da rede de servizo sumouse a chegada dunha nova xeración tecnolóxica. Desde setembro de 2025, Lely comercializa o Astronaut A5 Next, unha evolución do recoñecido sistema de muxido robotizado que incorpora melloras destinadas a incrementar a fiabilidade, a eficiencia e a experiencia de uso tanto para o gandeiro como para os animais, grazas ao seu novo láser con cámara e ao seu sistema operativo AOS2.

A acollida deste novo modelo entre as explotacións galegas foi moi positiva. Os clientes destacan especialmente as melloras introducidas respecto a versións anteriores, valorando a evolución do sistema e o rendemento que ofrece no traballo diario. A combinación entre unha tecnoloxía cada vez máis madura e un servizo técnico próximo está contribuíndo a reforzar a confianza das



ganderías que xa traballan con robots e daquelas que están valorando dar o paso cara á automatización.

A implantación do Astronaut A5 Next chega, ademais, nun momento no que as explotacións buscan solucións que lles permitan afrontar retos como a rendibilidade, a falta de remuda xeracional ou a conciliación da vida familiar. O robot de muxido converteuse nunha ferramenta estratéxica que permite reorganizar o traballo diario, obter unha gran cantidade de información sobre o rabaño e manter un elevado nivel de control sobre a produción.

Os 645 robots de muxido Lely que hoxe funcionan en Galicia representan moito máis ca unha cifra. Son o reflexo de centos de explotacións que apostaron por modernizar as súas instalacións e preparar os seus negocios para o futuro. Tamén son o resultado dunha estratexia



de crecemento sostido baseada non só na incorporación de novas tecnoloxías, senón tamén no fortalecemento dunha rede de servizo capaz de acompañar o gandeiro durante toda a vida útil dos seus equipos.

Se o ritmo de implantación rexistrado durante os últimos anos se mantén, todo apunta a que Galicia continuará consolidándose como un dos principais referentes da robotización do muxido en Europa.

A combinación de innovación tecnolóxica, investimento en infraestruturas e un servizo cada vez máis próximo ao produtor sitúa a Lely nunha posición de liderado para seguir impulsando a transformación dun sector que demostrou estar preparado para afrontar os desafíos do futuro sen renunciar á excelencia na produción de leite. ■



Se quere máis información sobre produtos de Lely, non dubide en contactar co seu Lely Center máis próximo. Os profesionais de Lely faranlle un estudo sen compromiso e explicaranlle os beneficios que as nosas máquinas poden ter dentro da súa explotación.